

## ORDENANZA FISCAL Nº 2

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

#### Artigo 1º. -

De conformidade co previsto no artigo 87 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os coeficientes de situación establecidos neste Concello serán os que se establecen no artigo seguinte.

#### Artigo 2º. - Coeficiente de situación.

1. Sobre a cota resultante da aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 86 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establécese a seguinte escala de coeficientes que pondera a situación física do local, atendendo á categoría da rúa na que radique:

Rúas de primeira categoría:	2,50
Rúas de segunda categoría:	2,10
Rúas de terceira categoría:	1,80
Rúas de cuarta categoría:	1,60

2. A efectos do previsto no artigo 87 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, as vías públicas ou zonas do Concello de Cambre, clasifícanse en catro (4) Categorias Fiscais:

- Categoría 1ª: rúas e demais vías públicas das parroquias de Cambre, Sigrás, O Temple e Polígono Industrial do Espiritu Santo (Cecebre).

- Categoría 2ª: rúas e demais vías públicas das parroquias do resto de Cecebre, Ancéis, Cela, Pravio, Brexo-Lema e Bribes.

- Categoría 3ª: rúas e demais vías públicas da parroquia de Santa María de Vigo.

- Categoría 4ª: rúas e demais vías públicas da parroquia de Andeiro.

#### Artigo 3º Bonificacións

En base ao establecido no artigo 88.2 letra e do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, terán dereito a unha bonificación de ata o 95% os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e implanten actividades económicas ou empresariais que foran declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, definidas neste punto, que xustifiquen tal declaración. A dita declaración será ditada polo Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

1. A bonificación aplicárase á cota do imposto referida a actividade que se desenvolva no local no que se incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos iniciais, ou por transformación de contratos temporais en indefinidos, como consecuencia da implantación de actividade económica ou empresarial. En caso de desenvolverse varias actividades no local unicamente poderá solicitar a bonificación respecto dunha delas.

2. Establécense os seguintes tramos de bonificación:

- Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%.
- Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%.
- Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75%
- Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%.
- Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85%
- Pola creación de 20 postos de traballo, o 90%
- Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%.

3. O emprego indefinido obxecto de bonificación, para cada exercicio bonificado, deberá manterse durante un período de dous anos.

4. O prazo de aplicación desta bonificación será como máximo de tres períodos impositivos. Tendo en conta o establecido no artigo 82.1 apartado b) do TRLRFL, no que se indica que “están exentos os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto no que se desenvolva aquela”, aplicárase por primeira vez no terceiro período impositivo, contando desde a data de autorización de inicio da actividade económica ou empresarial.

5. Para o goce desta bonificación, os interesados presentarán no primeiro trimestre do exercicio seguinte á data da autorización de inicio de actividade no local, un escrito dirixido ao sr. Presidente da Deputación de A Coruña, solicitando a aplicación da bonificación neste imposto, acompañado da seguinte documentación asinada polo representante legal da empresa:

- a) Declaración censal do IAE ou certificación da Axencia Tributaria que acredite a data de inicio de actividade no termo municipal, no centro de traballo obxecto de bonificación.
- b) Declaración responsable no que se indique a relación nominal mes a mes dos contratos indefinidos iniciais, ou transformacións en indefinidos, efectuados exclusivamente para o centro de traballo obxecto de bonificación, realizados desde a data de autorización de inicio da actividade no local, ata o mes de decembro do exercicio anterior ao que corresponde aplicar por primeira vez a bonificación no Imposto, indicando o número de horas de cada un deles acompañada da documentación xustificativa da mesma (informe de vida laboral do código conta de cotización).

O concello resérvase o dereito de solicitar tanta documentación sexa necesaria para a verificación da creación e mantemento de emprego que da lugar á aplicación da bonificación regulada nesta Ordenanza.

6. No suposto de contratos a tempo parcial, a creación de emprego computárase de forma proporcional á xornada de traballo a tempo completo. Si do resultado do cómputo se obtén un número decimal, este redondeárase ao número enteiro máis próximo.

7. O goce da bonificación no segundo e terceiro exercicios queda condicionado ao mantemento das condicións que se cumpriron para o seu outorgamento. Para realizar a comprobación do mantemento do emprego terase en conta a media dos contratos indefinidos existentes no ano natural anterior (de



1 de xaneiro a 31 de decembro) segundo a documentación aportada polo representante da empresa e relacionada no punto 5.b).

No caso de producirse variacións no número de postos de traballo, a nova bonificación acordarase en función de se estes aumentaron ou diminuíron.